



# CANÓN DO MIÑO-OUTONO

## De Belesar a Belesar, e volta



Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 18 A 20 km (circular)

**Dificultade:** media

**Duración:** 6 horas



Unha xornada para gozar do outono na Ribeira Sacra do Miño camiñando polos concellos de Chantada e o Saviñao, co río polo medio, por entre as viñas colgadas das paredes do canón e soutos fraguizos e carballeiras que se desenvolven só nos poucos sitios onde o releve e a falta de exposición ao sol non permiten o aproveitamento agrícola.

Para gozar da natureza, das cores amarelas e vermellas, en todos os tons, das follas das viñas fermosamente pulcras e coidadas cun esforzo difícil de calcular e valorar, un esforzo e un traballo que só podemos apreciar ao velas de preto, en cada cepa, cada valado, cada chanzo...; fóra das viñas da sombra fresca, e a luz filtrada polas follas que están mudando a cor, dos carballos e, sobre todo, dos castiñeiros que teñen o camiño alfombrado de follas secas, ourizos abertos e froitos relucientes; incontables puntos desde os que se dominan amplas panorámicas de un e outro lado do val e do río, e como complemento as fervezas do rego de Camporamiro, pequenas pero ruidosas, e as do rego de Pesqueiras, agochadas polas árbores no seu estreito cavorco; a presa de Belesar, que retén as augas do Miño para formar un encoro de 50 km de longo, o máis grande do río; e as xoias do románico, erguidas fai xa oito séculos, de San Estevo de Ribas de Miño e San Paio de Diamondi, son causa abondo para xustificar a viaxe e dar o tempo por ben empregado.

A baixada de Diamondi a Belesar, que fai parte de un dos Camiños de Santiago, faise por un vello camiño asegurado e protexido en gran parte do percorrido por un piso de lousas.



## PERCORRIDO

Comezamos a camiñada na localidade de **Belesar** subindo pola estrada que, por Líncora, vai a Chantada, na primeira revolta da estrada, á esquerda, podemos desviarnos polo camiño que sae á dereita, un atallo con forte pendente, polo que nos achegamos ás fervezas do **rego de Camporramiro** e volver logo á estrada aforrando un quilómetro. De volta na estrada seguimos cara á dereita ata cruzar o rego e chegar a **Vilanova**, pasada a localidade chegamos a outra revolta á esquerda dela sae un camiño á dereita no que hai un panel informativo da ruta de Carballedo a Portomarín e antes un poste, cun indicador de madeira, que sinala para un lado Belesar e para o outro Fontao, que é a dirección que temos que seguir, desde este camiño, a media altura e con poucas subidas e baixadas, podemos gozar de magníficas vistas do espazo e do canón do río, ata cruzar o Asma e chegar á estrada xeral. Pola estrada xeral temos que camiñar, cara á dereita, uns 400 m (hai que ir con coidado porque a beira é estreita) antes de desviarnos por unha pista que sube á esquerda e seguíndoa, só para desviarnos dela preto do final donde un indicador de madeira sinala o Sisto, chegamos á estrada que baixa á **presa**. Desde a presa subimos a **Pesqueiras**, onde podemos facer un desvío baixando por entre as viñas para ver a ferveza; e pasada a localidade chegamos a un tramo da estrada antiga paralelo á nova; por ela temos que camiñar cara á dereita ata o punto donde se une coa nova e aí cruzar e subir logo ata o cruce que nos leva a **San Estevo**, onde obrgada parada para ver con detalle a igrexa. Desde San Estevo, seguindo o camiño que pasa por detrás da igrexa, e sen deixalo, veremos uns indicadores de ruta que nos acompañarán un bo tramo para desviarse máis adiante á esquerda, desvío que non faremos, máis adiante volven aparecer sinais de ruta que seguiremos esta vez para subir a **Galegos**. Cruzamos a localidade de Galegos, chegamos á estrada que temos que seguir ata **Diamondi** e en Diamondi, despois de ver a igrexa e visitar o soto no que hai algúns exemplares senlleiros de castiñeiros, antes de entrar na curva que hai despois da igrexa, atopamos un poste indicador de rutas que nos sinala Belesar 2 km. Collemos o desvío e atravesando o lugar de **Portela**, xa sen perda posible, baixamos (a pendente é forte nalgúns tramos) ata o pé da ponte de **Belesar** onde rematamos o percorrido.

Este que nós fixemos pódese considerar un itinerario case completo pero pódense facer outros máis curtos, algúns incluso completamente en coche, con variables como ir de Belesar á estrada xeral, baixar por ela ata o miradoiro e desde alí seguir a estrada vella, cruzar a ponte de San Fiz e volver a Belesar. Ou facer o percorrido ata San Estevo, baixar desde alí á estrada e volver a Belesar pola estrada da beira do río.

Desde Belesar tamén se pode facer unha viaxe en barco polo encoro dos Peares.



Belesar a localidade desde a que comezamos a ruta desde un punto do camiño.



O bosque e as viñas reflectíndose no espello do río.



Panorámica das viñas e o canón do Miño






Fervenza no rego de Camporramiro.



Río Asma.




Coloso de rocha que vixía e protexe as viñas.



Se facemos a ruta no outono podemos atopar gran variedade de cogomelos.




Nas follas das vides podemos atopar todas as gamas de cores.







Camiñando polo bosque.



Presa de Belesar.



Encoro de Belesar desde a presa.



Viñas de Pesqueiras e encoro de Belesar.



Souto de Diamondi e castiñeiro de 7,5 m de perímetro.



Detalle da portada de San Paio de Diamondi.



Santo Estevo de Ribas de Miño.